

Concello de Monforte de Lemos

ACTA

Expediente nº	Órgano Colegiado
PLN/2025/7	O Pleno
DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Fecha:

28 de xullo de 2025

Duración:

Desde las 20:00 hasta las 23:00

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

JOSÉ TOMÉ ROCA

Secretario accidental:

MARIA LUISA QUIROGA DAPENA

ASISTENCIA Á SESIÓN

	Nome e Apelidos	Asiste
	JOSE TOMÉ ROCA	SÍ
	IBAN TORRES RODRIGUEZ	SÍ
	GLORIA MARIA PRADA RODRIGUEZ	SÍ
	JOSE LUIS LOSADA FERNANDEZ	SÍ
	MARIA DEL PILAR ESPINOSA NOVELLE	SÍ
	MARINA MARIA DOUTON RAJO	SÍ
	JOSE MANUEL MOUGAN SOBREDO	SÍ
	REGINA LOPEZ ARIAS	SÍ
	GUILLERMO DIAZ AIRA	SÍ
	MARGARITA LOPEZ RODRIGUEZ	SÍ

Concello de Monforte de Lemos

KATHERINE VARELA FERNÁNDEZ	SÍ
JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA	SÍ
MARIA LUISA VAZQUEZ LÓPEZ	SÍ
EMILIO IVAN VAZQUEZ RODRIGUEZ	SÍ
EMILIO JOSE SANCHEZ RODRIGUEZ	SÍ
MANUEL LUACES FERNÁNDEZ	SÍ
JAIME GERMAN VAZQUEZ PEREZ	SÍ
ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE 30 DE XUÑO DO 2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Apróbase por unanimidade a acta do Pleno da Corporación do día 30 de xuño do 2025.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/i8x2ESOFw5UDZhM8VP1NwZgVk67fViEx9RNDalb73j2aWrWQ)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/i8x2ESOFw5UDZhM8VP1NwZgVk67fViEx9RNDalb73j2aWrWQ](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/i8x2ESOFw5UDZhM8VP1NwZgVk67fViEx9RNDalb73j2aWrWQ)

ACTO DE ENTREGA DA MEDALLA E DA INSIGNIA AO ALCALDE E AOS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS TAL E COMO ESTABLECE O ARTIGO 24 DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Neste acto procédese á entrega da medalla e da insignia ao Sr. Alcalde e aos concelleiros e concelleiras tal como establece o artigo 24 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Monforte de Lemos.

Intervencións:

Concello de Monforte de Lemos

<https://videopleno->

monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/vCgbcbuLRFWgoJJjrgo6OMJgdceHiGblfNgqPGdbJ5ysX7gg

Expediente 4677/2025. Peche e Liquidación do Orzamento	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

Informadas a Conta Xeral do Excmo. Concello de Monforte de Lemos e do Instituto Municipal de Drogodependencias pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas o día 29 de maio de 2025 e permanecendo exposta ao público na Intervención municipal, por espazo de quince días, o anuncio de exposición publicouse no Boletín Oficial da Provincia núm. 126, de data 4 de xuño de 2025, e transcorrido o antedito prazo, non se presentaron reclamacións, reparos nin observacións á mesma (segundo certificación que se acompaña no expediente).

Que previo informe da Comisión Facenda e Especial de Contas, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación:

Vista a proposta de resolución PR/2025/4167 de 16 de xullo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista e sete abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Aprobar a Conta Xeral de 2024, do Excmo. Concello de Monforte de Lemos e Instituto Municipal de Drogodependencias

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/B0OnjUYPluqRHkJQQRmkrDNUkftAZvYaBkWIV4Clj4JcYY0Y

Expediente 6640/2025. Aprobación inicial do REGULAMENTO da PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL, XIMNASIO MUNICIPAL DA PINGUELA, E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

Concello de Monforte de Lemos

1º.- Con data 30.06.2025 o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adoptou o acordo de aprobación da Consulta Pública do Regulamento da **PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL, XIMNASIO MUNICIPAL DA PINGUELA, E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS**.

2º.- Dita consulta foi publicada, por un período de 15 días naturais no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Monforte, coa finalidade de solicitar cantas achegas adicionais poideran facerse por outras persoas ou entidades, de forma tal que os potenciais destinatarios da norma e quen realice achegas sobre ela tiveran a posibilidade de emitir a súa opinión, para o que se puxeron a súa disposición os documentos necesarios, coa debida claridade e concisión reunindo toda a información precisa para poder pronunciarse sobre a materia.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 16 de xullo do 2025 emite informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- Consecuencia da autonomía local institucionalmente garantida é o recoñecemento en favor dos Entes que integran a Administración local dunha potestade administrativa como é a potestade regulamentaria que se considera pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL) (art. 4) integrante do conxunto de potestades de que gozarán os Entes locais para que poidan participar por medio de órganos propios no goberno e administración de cantos asuntos lles afecten, exercendo as súas competencias.

SEGUNDO.- A potestade regulamentaria está atribuída aos entes locais na medida en que sexa necesario ditar normas de carácter xeral cunha forza paralela á que teñen os regulamentos autonómicos ou estatais, creando así, un ordenamento xurídico propio, e cuxo exercicio debe ser sempre respectado polo lexislador ordinario. Potestade que, de calquera modo, atópase sempre implícita no propio concepto do termo autonomía, un de cuxos significados é, precisamente, a capacidade de ditar normas.

TERCEIRO.- A LRBRL constitúe o marco legal definidor do dereito constitucional da autonomía local, atribúe aos municipios, provincias e illas, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias “as potestades regulamentarias e de autoorganización” no seu artigo 4. l.a).

CUARTO.- A propia LRBRL, de modo xeral, habilita ás corporacións locais a intervir a actividade dos cidadáns por medio de ordenanzas e bandos (art. 84.1 a), o que resulta un recoñecemento explícito da potestade regulamentaria das Corporacións locais, necesaria

Concello de Monforte de Lemos

para facer efectivo o citado dereito constitucional á autonomía local.

QUINTO.- Pola súa banda, o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril (art. 55) determina que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas e Regulamentos, e os Alcaldes ditar Bandos. En ningún caso conterán preceptos opostos ás Leis". Como se ven de dicir, conforme ao art. 4 da LRBRL, a potestade regulamentaria corresponde aos municipios, provincias e illas na súa calidade de administracións públicas territoriais e, como tales, con dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, en expresión do art. 2.1 LRBRL.

SEXTO.- Referente aos órganos titulares do exercicio da potestade regulamentaria, temos que dicir que o pleno da entidade é o titular do exercicio da potestade, en calquera caso. En efecto a LRBRL no art. 33.2. b), atribúe ao Pleno a aprobación de regulamentos.

SÉTIMO.- As ordenanzas e regulamentos locais, en canto manifestación da potestade regulamentaria, están suxeitos a uns límites formais e materiais. As normas dítadas polas Entidades locais -froito da súa capacidade de autonormarse- son de rango regulamentario e quedan suxeitas, non só ao principio de competencia territorial, material ou obxectiva e orgánica, e ás normas de procedemento (límites formais), senón, ademais, ao principio de legalidade, xerarquía normativa (suxeición ao establecido na lei), e ao respecto ao principio de reserva de lei (límites materiais).

OITAVO.- Polo que se refire ao procedemento de aprobación é preciso sinalar que a LRBRL unifica o procedemento para a aprobación das manifestacións da potestade regulamentaria das Entidades locais, coas particularidades dos regulamentos orgánicos e das ordenanzas fiscais que establece a Lei reguladora das Facendas Locais.

O Texto Refundido dispón no seu art. 56 que a aprobación das Ordenanzas Locais axustarase ao procedemento establecido no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, debendo observarse para a modificación das ordenanzas e regulamentos os mesmos trámites que para a súa aprobación.

En efecto, a tramitación que establece no seu art. 49 axústase aos seguintes trámites:

Concello de Monforte de Lemos

a. *Consulta pública previa.*

De conformidade co artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación cidadá no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dun proxecto normativo, se substanciará una consulta pública (artigo declarado contrario ao orde constitucional de competencias nos termos do fundamento jurídico 7º.b) e c) da Sentencia do Tribunal Constitucional 55/2018, do 24 de maio, se ben tal circunstancia non afecta á necesidade dos órganos de goberno locais de realizar a consulta pública previa á elaboración dun proxecto de regulamento)

b. *Informes previos.*

O artigo 3.3 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, recolle dentro das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que en todo caso se emitirá informe previo no suposto de aprobación ou modificación de Regulamentos.

c. *Aprobación inicial polo Pleno.*

Tras a devandita consulta e informe previo, ao Pleno correspóndelle a aprobación inicial, conforme establece o art. 49 a) LRBRL.

d. *Información pública e audiencia dos interesados.*

O art. 49 b) LRBRL determina que se ten que abrir, unha vez aprobado inicialmente, un período de información pública e audiencia aos interesados, non inferior a trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Aínda que a LRBRL non precisa que a apertura do período de información pública deba anunciarse no Boletín Oficial da Provincia ou simplemente é suficiente coa inserción no Taboleiro de Edictos da Corporación entendemos que se estará ao que dispón, para o efecto,

Concello de Monforte de Lemos

o art. 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre a necesidade da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

e. *Resolución de todas as reclamacións e suxerencias. Aprobación definitiva polo Pleno (art. 49. c).*

Finalizado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e suxerencias e proceder á súa aprobación definitiva.

Pola súa banda o art. 49 LRBRL e establece que “no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional”.

f. *Publicación. Neste aspecto, a LRBRL dispón no seu art. 70 que “os acordos que adopten as corporacións locais se publican ou notifican na forma prevista pola Lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva é competencia dos entes locais, publicáranse no Boletín Oficial da Provincia e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no art. 65.2”*

g. *Entrada en vigor.*

Por tanto, no referente á entrada en vigor o art. 70.2 da LRBRL establece que as ordenanzas non entran vigor ata que se publicou completamente o seu texto e transcorrese o prazo sinalado no art. 65.2. Este prazo é o de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular requerimento de anulación do regulamento, contados a partir do seguinte a aquel en que lle sexa remitida en cumprimento do disposto no art. 56 da LRBRL (seis días para a remisión máis quince días para o requerimento —arts. 196.3 e 215.2 ROF).

NOVENO.- A consulta pública previa foi realizada mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios e na páxina Web do Concello de Monforte de Lemos, con data 01 de xullo do

Concello de Monforte de Lemos

2025, non téndose presentado ningunha suxerencia. .

DÉCIMO.- No que se refire á maioría esixida para a súa aprobación o art. 47.2. LRBRL non esixe a maioría absoluta para a aprobación deste regulamento.

*Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de aprobación inicial do Regulamento da **PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL, XIMNASIO MUNICIPAL DA PINGUELA, E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS.***

É canto procede informar”.

Vista a proposta de resolución PR/2025/4169 de 16 de xullo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o REGULAMENTO da **PISCINA CLIMATIZADA MUNICIPAL, XIMNASIO MUNICIPAL DA PINGUELA, E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS.**

SEGUNDO.- De acordo co disposto no art. 49 b) LRBRL, abrir un período de información pública e audiencia aos interesados, por trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, debendo anunciarse no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Corporación.

TERCEIRO.- Dispoñer que, de acordo co establecido no art. 49 da LRBRL, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pqmJkvDeRSSfPpaUNWB8gsI8d559ReDXvhJisVL9V4ME1mpd)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pqmJkvDeRSSfPpaUNWB8gsI8d559ReDXvhJisVL9V4ME1mpd](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/pqmJkvDeRSSfPpaUNWB8gsI8d559ReDXvhJisVL9V4ME1mpd)

Expediente 7950/2025. Aceptación cambio titularidade tramos de vías de titularidade autonómica	
---	--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Concello de Monforte de Lemos

Feitos e fundamentos de dereito:

ANTECEDENTES

Dende o Concello de Monforte de Lemos realizáronse vairas peticións verbais de audiencia coa Conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para tratar temas de máxima importancia para o municipio.

Despois de varios contactos, tivo lugar dita audiencia na que se tratou, entre outros, a situación de tres vías autonómicas que transcorren polo municipio. A esta audiencia o Concello de Monforte de Lemos aportou unha Memoria coa documentación necesaria para solicitar a cesión dos tramos sinalados correspondentes ás vías LU-933, LU-662 e LU-546.

Estrada	P.K. Inicial	P.K. Final	Lonxitude	Rúas
LU-933 0,000	1,090	1.090 m.	Chantada e Avda. Galicia	
LU-662 0,000	1,200	1.200 m.	Coruña e Calvo Sotelo	
LU-546 55,115	55,560	445 m.	Doutor Casares	

Posteriormente, dende a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas remitiuse proposta de acordo de cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas. Examinada dita proposta, faise constar que o cambio de titularidade do tramo da LU-546 sinalado por dita Consellería (PK. 54+490 a 55+560) non corresponde co solicitado por este Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Visto os artigos 9.4 e 9.3 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante LEG), que establece a titularidade das estradas que compoñen a Rede autonómica de Estradas de Galicia e que sinala que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo de acordo entre as administracións afectadas.

Segundo.- O artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local (en diante LRRL), recolle como competencia propia dos concellos a de infraestruturas viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceiro.- O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais, no seu Capítulo II recolle as actuacións conformes ao Patrimonio das Entidades Locais en relación á adquisición de bens.

Concello de Monforte de Lemos

Cuarto.- O órgano competente é o Pleno da corporación, tal e como se precisa no artigo 50. 14º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), sendo necesaria a adopción do acordo por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases do réxime local (LBRL)

Vista a proposta de resolución PR/2025/4189 de 16 de xullo de 2025.

Resolución:

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Primeiro.- Aprobar a proposta de acordo remitida pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para o cambio de titularidade de varios treitos de estradas autonómicas no término municipal de Monforte de Lemos: LU-546 (rúa Morín e rúa Doutor Casares), LU-662 (rúa da Coruña e rúa Leopoldo Calvo Sotelo) e LU-933 (Avenida de Galicia e rúa de Chantada) **conforme a proposta solicitada polo Concello de Monforte de Lemos**, que se concreta en:

Estrada	P.K. Inicial	P.K. Final	Lonxitude	Rúas
LU-933 0,000	1,090	1.090 m.	Chantada e Avda. Galicia	
LU-662 0,000	1,200	1.200 m.	Coruña e Calvo Sotelo	
LU-546 55,115	55,560	445 m.	Doutor Casares	

Segundo.- Aceptar a cesión dos tramos da vías sinaladas:

Estrada	P.K. Inicial	P.K. Final	Lonxitude	Rúas
LU-933 0,000	1,090	1.090 m.	Chantada e Avda. Galicia	
LU-662 0,000	1,200	1.200 m.	Coruña e Calvo Sotelo	
LU-546 55,115	55,560	445 m.	Doutor Casares	

Terceiro.- Remitir este acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para que proceda á tramitación correspondente.

Intervencións:

<https://videoplenu-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/yZMZqSzBPuPLgYCIpAcsI31hh05IxvpUL2u6OetflaajZypa>

Concello de Monforte de Lemos

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEMP POLA CONVIVENCIA, A SEGURIDADE E O RESPETO A TODAS AS PERSOAS

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta:

Desde el Consejo Territorial de la FEMP, manifestamos nuestro firme compromiso con una sociedad basada en el respeto, la ley y la convivencia. Condenamos rotundamente cualquier forma de racismo, violencia o discurso de odio, así como cualquier intento de dividirnos o atacar la dignidad de las personas por su origen, identidad o creencias. Las situaciones vividas en los últimos días en algunos municipios no representan el sentir mayoritario de una ciudadanía que apuesta por la paz y la inclusión. Por ello, reclamamos que se investigue a fondo lo sucedido y, en caso de que existan responsabilidades, estas se asuman. Ningún delito de odio puede quedar sin respuesta. La justicia es esencial, pero también lo es el compromiso colectivo con políticas públicas que promuevan la igualdad, la cohesión social y los Derechos Humanos. Desde las entidades locales, debemos seguir impulsando espacios seguros y diversos donde todas las personas puedan vivir con libertad y dignidad.

Reconocemos y valoramos el trabajo de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, que cada día protegen nuestra convivencia y garantizan la seguridad que vecinas y vecinos demandan, así como exigimos la dotación de medios y recursos suficientes que aseguren el mejor desempeño de su trabajo. Por todo ello, hacemos un llamamiento a la unidad. Solo desde el respeto mutuo, el cumplimiento de la ley y el compromiso común, construiremos pueblos y ciudades más justos, libres y seguros para todas y todos.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/bimXSJipAL9kbi1VNuunkEokAyAOQ5PpuZA9KvO7zoTrGjLf)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/bimXSJipAL9kbi1VNuunkEokAyAOQ5PpuZA9KvO7zoTrGjLf](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/bimXSJipAL9kbi1VNuunkEokAyAOQ5PpuZA9KvO7zoTrGjLf)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RECLAMANDO A DONA ELENA CANDIA ABANDONE A VIDA PUBLICA , ASUMA AS SÚAS RESPONSABILIDADES POLITICAS E PIDA DESCULPAS AOS PERXUDICADOS POLA OPERACION PULPO

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Concello de Monforte de Lemos

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e tres abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

. O abandono inmediato da vía políticas, na que non deben ter cabida persoas que avalan comportamentos como os desenvolvidos por ela na posta en marcha da coñecida como operación Pulpo, entre outras.

. Que pida desculpas públicas as persoas, cargos políticos e funcionarios, que sufriron durante 12 anos a perda reputacional de verse exopostos a unha investigación xudicial que carecía de fundamentos.

. Que asuma as súas responsabilidades, recoñeza a súa participación activa na trama e se desculpe ante os lucenses polo uso partidista da administración de xustiza, polo custo do proceso ás arcas públicas, e polo dano feito ao bo nome da política lucense en xeral e á Deputación de Lugo moi especialmente.

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/XvHVjib40Ypmb15Xph6CB5cyUCeUfybNPcMkZBNUCJxBp96

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE MONFORTE A CUMPRIR OS INFORMES DE INTERVENCIÓN DA CONTA XERAL 2024	
---	--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría co dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

Transcríbese a proposta da moción:

. Instar ao alcalde de Monforte e ao seu equipo de goberno a cumprir as recomendacións emitidas nos informes de intervención incluídos na conta xeral do 2024 para acadar unha correcta xestión dos ingresos e gastos do Concello.

Intervencións:

<https://videopleno->

Concello de Monforte de Lemos

monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/TYJsS17YcjVI4imlerZ5l0jaoBASo9PEs9zANG117f2Fw9ZQ

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPORTE A QUE MELLORE AS FRECUENCIAS FERROVIARIAS DO CONCELLO DE MONFORTE E AO REMATE DAS OBRAS DA ESTACIÓN DE FERROCARRIL

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto e d

Transcríbese a proposta da moción:

1. Que o Concello de Monforte de Lemos inste ao Ministerio de Transportes a que se restablezcan os servizos ferroviarios suprimidos antes da pandemia do covid, reivindicando a posta en circulación do tren nocturno a Barcelona e que se melloren e amplíen as conexións ferroviarias da cidade coa saída do AVE desde Ourense.
2. Que o Concello de Monforte de Lemos inste ao Ministerio de Transportes a que remate a execución das obras iniciadas na estación de tren de Monforte de Lemos.

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedelemos.deputacionlugo.org:443/s/Ya2hFnsZm5pNyaGAs0HY980cUALfXDUJlUhAfFwAHaS2Kfym

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREACIÓN DE ESPAZOS SEGUROS E ATENCIÓN INTEGRAL O COLECTIVO LGTBIAQ+A A TRAVÉS DOS SERVIZOS SOCIAIS
--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro de Esperta Monforte-Grupo Mixto

Transcríbese a proposta da moción:

Concello de Monforte de Lemos

1. Crear un protocolo de atención integral desde os Servizos Sociais municipais para persoas vítimas de agresións ou discriminacións por motivo de pertenza ao colectivo LGTBIAQ+ que inclúa atención psicolóxica, xurídica e social e coordinación coa Policía Local cando fose necesario.
2. establecer espazos seguros en eventos públicos, festas patronais e outras celebracións, con atención a vítimas de violencia machista ou LGTBIAQ+ fóbica.
3. Incorporar, ademais dos puntos lilas, “puntos arcoiris” visibéis e operativos durante as festas e eventos do concello, comprometendo a institución co respecto á diversidade.
4. Desenvolver campañas municipais de sensibilización e prevención da LGTBIAQ+ fobia, visibilizando os dereitos do colectivo e promovendo a igualdade en todos os ámbitos locais.
5. Formar ao persoal municipal e á Policía Local en materia de diversidade sexual e de xénero, así como en protocolos fronte á discriminación e delitos de odio.
6. Colaborar co tecido asociativo LGTBIAQ+ da comarca ou do país, garantindo unha acción municipal efectiva baseada no coñecemento da realidade do colectivo.
7. Instar á Xunta de Galicia a habilitar e reforzar liñas de financiamento específicas, especialmente as recollidas na Orde do 3 de xaneiro de 2025 (FSE+Galicia 2021-2027), para apoiar a posta en marcha e mantemento de espazos seguros, puntos arcoiris, campañas de sensibilización, formación do persoal e protocolos de atención.

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/GOaM46CQe8yr66hB4ECiJNjwSvsDai13EFc9pf9gerKtDMGE

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR NOVO ENLACE ENTRE O POLIGONO DO REBOREDO E A ESTRADA N-120	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Instar ao goberno municipal a iniciar os trámites precisos e as interlocucións coas distintas administracións, para que este enlace sexa posíbel
2. Remitir a Xunta de Galicia o acordo de realizar o vial.

Concello de Monforte de Lemos

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/5S74nITBEX9K38c9Y8iE4Rsaske4TYgKcOIlo8GoAysLTPEB)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/5S74nITBEX9K38c9Y8iE4Rsaske4TYgKcOIlo8GoAysLTPEB](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/5S74nITBEX9K38c9Y8iE4Rsaske4TYgKcOIlo8GoAysLTPEB)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO PARA CREACIÓN DE UNIDADE DE ATENCIÓN TEMPERÁ	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do Grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. Instar á Xunta de Galicia a que poña en marcha a aula de atención temperá que se atopa no Hospital Comarcal de Monforte de Lemos e que a dote co persoal necesario e obrigatorio para dar atención ás familias con nenos e nenas con necesidades transitorias ou permanentes, nas mesmas condicións que se vren prestando no Hospital de Lugo.
2. Realizar as xestións necesarias para poñer en funcionamento unha Unidade de Atención Temperá no noso Concello aproveitando as subvencións publicadas pola Xunta de Galicia para esta finalidade.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/Z3VLH923EYtUUICW8Zn4r1li7PkgXbDtc7ZLdz7h31lorxrH)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/Z3VLH923EYtUUICW8Zn4r1li7PkgXbDtc7ZLdz7h31lorxrH](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/Z3VLH923EYtUUICW8Zn4r1li7PkgXbDtc7ZLdz7h31lorxrH)

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL ESPERTA MONFORTE-GRUPO MIXTO PARA SOTERRAMENTO DO CABLEADO	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dos concelleiros do Grupo Municipal do BNG e do concelleiro do

Concello de Monforte de Lemos

Grupo Municipal de Esperta Monforte-Grupo Mixto.

Transcríbese a proposta da moción:

1. -Elaborar, nun prazo razoable, un plan técnico de actuacións progresivas para o soterramento do cableado e retirada dos paos de luz, priorizando as zonas con maior impacto visual ou problemas de accesibilidade, así como aquelas nas que xa se teñan previstas obras de mellora urbana.
2. Establecer contactos coa Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, así como coas empresas titulares das infraestruturas (Fenosa, Naturgy, R., Telefónica, etc) para estudar vías de financiamento compartido e a viabilidade técnica das actuacións.
3. Solicitar informes técnicos que permitan avaliar os custos aproximados e posibles fórmulas de execución por fases, procurando que as obras de canalización previstas (auga, gas, fibra óptica) poidan aproveitarse para soterrar tamén o cableado eléctrico. Esta proposta pretende abrir unha vía de traballo seria e viable, sen improvisacións, baseada na coordinación institucional e no aproveitamento de actuacións previstas, sen supoñer un gasto inmediato pero sentando as bases dunha mellora progresiva da nosa cidade.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/wvzxoK84GD6aBzz9IKBZDnXDBoILBAZQHQVnEDDITVxSLLbF)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/wvzxoK84GD6aBzz9IKBZDnXDBoILBAZQHQVnEDDITVxSLLbF](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/wvzxoK84GD6aBzz9IKBZDnXDBoILBAZQHQVnEDDITVxSLLbF)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (ART. 42.1 DO ROF). Dat as resolucións das que se da conta ao Pleno do 25.06.2025 ao 20.07.2025
--

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25.06.2025 ao 20.07.2025.

Intervencións:

[https://videopleno-](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/rV9SPdXW701xUU1fyWuMflitjJlaWw84La8suWVOyYLTtBct)

[monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/rV9SPdXW701xUU1fyWuMflitjJlaWw84La8suWVOyYLTtBct](https://videopleno-monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/rV9SPdXW701xUU1fyWuMflitjJlaWw84La8suWVOyYLTtBct)

DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA QUE LEVANTAN REPARO DE INTERVENCIÓN(03.07.2025.2025 ELECT E 04.7.2025)

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Concello de Monforte de Lemos

segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

Intervencións:

<https://videopleno->

monfortedeleemos.deputacionlugo.org:443/s/ikEyx1FyeNI01Lcj5xw7Ky8nwwLBMrraxR97M0p9E2PnWuKL

C) ROGOS E PREGUNTAS

Intervencións:

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE